

6 *Review***PATTERSON, Craig**

Vigo: Fundación Otero
Pedrayo, 2008. 398 pp.
ISBN: 978-84-612-4782-0

*O devalar da idea.
Otero Pedrayo e a
identidade Galega*

María Xesús Lama
Universitat de Barcelona

Preséntase aquí a versión galega do orixinal texto inglés publicado en 2006, que constitúe unha das achegas fundamentais dos últimos anos ao estudo da obra do grande escritor que foi Otero Pedrayo, por fin visitado en profundidade pola crítica académica nos últimos anos. A historia das ideas, ámbito da especialidade de Patterson, constitúe unha perspectiva particularmente interesante para profundar no sistema ideolóxico que rexe o mundo oteriano e para valorar na súa xusta medida a erudición dende a cal o ourensán elaborou a súa visión propia de Galicia. A introdución neste labiríntico e apaixonante universo debémoslla quizais ao estudo de Pérez Prieto sobre o pensamento do ourensán en relación coa relixión (1988) e, máis recentemente, a Fernández Pérez-Sanjulián (2003) e a Ramón Villares (2007) sobre a súa idea de Galicia a través da obra narrativa. O propio Patterson fixera xa incursións en diferentes aspectos concretos do pensamento de Otero como o seu tratamento da paisaxe (1998), a súa relación coa obra de Spengler (2000), cos escritores españois da xeración do 98 (2004) ou coa filosofía de Bergson (2006). Mais este estudo, coa súa definitiva amplitude, ten a peculiaridade de enfrontarse á obra oteriana como un todo, abrangendo ensaio e creación, para facer un seguimento exhaustivo dos grandes esteos sobre os que se ergue o pensamento do escritor arredor de Galicia: paisaxe, lingua, relixión e nacionalidade.

O volume pretende situar o ourensán na historia da cultura e iníciase cun breve percorrido biográfico onde se presta especial atención ao proceso de formación de Otero e se bosquexa a súa actividade profesional e mais a actividade política derivada da evolución ideolóxica que o leva ao compromiso co galeguismo, entendido como nacionalismo cultural e político. É precisamente ese compromiso con Galicia o que aparece como catalizador da súa vocación de escritor, e este feito explicaría non só a fonda carga ideolóxica de toda a súa produción, senón tamén a desbordante abundancia da mesma, pois a necesidade de actuar en diferentes fronteas xúntase co entusiasmo e a capacidade grafómata de Otero para manter un impresionante ritmo de publicacións durante cincuenta anos. Mais tamén se fai un avance resumido das influencias que configuran o seu sistema ideolóxico marcado polo romanticismo cristián e mais a continuidade das teorías celtistas, coa súa derivación no atlantismo e no

PATTERSON, Craig.
O devalar da idea.
Otero Pedrayo e a identidade
Galega
María Xesús Lama

européismo característico da Xeración Nós, que condiciona o seu interese pola literatura e a situación política de Irlanda ao tempo que alimenta a relación dialéctica coa española Xeración do 98.

Patterson sostén que as influencias máis importantes, con diferenza, proceden dos románticos e os seus precursores, especialmente Herder, Chateaubriand, Fichte, Goethe, Rousseau, e outros. Pero tamén sinala a relevancia das súas lecturas dos clásicos, os simbolistas franceses e os grandes pensadores do seu tempo, entre os que prefire a Oswald Spengler, Henri Bergson e Nikolai Berdàyev. A esta lista habería que engadir tal vez, segundo o recente estudio de Villares, a Maurice Barrès, un dos antimodernos citados por Antoine Compagnon como representantes dunha corrente de 'contra-ilustración' na que Marc Fumaroli incluíu tamén a Chateaubriand. Apuntemos de paso que, se Otero podería asimilarse ao concepto de antimoderno pola súa reacción contra a modernidade e o progreso, ou pola nostalxia dun pasado *ancien regime* asociada á busca do sublime fronte ao materialismo burgués, a súa aposta polo ilusionante proxecto do galeguismo afásta do pesimismo e da retórica do vituperio. Non parece desdeñable, sen embargo, a posibilidade de ter presente á hora de valorar moitos autores galegos a definición que lle permite a Compagnon (2007) revisar a historiografía da literatura francesa: 'os antimodernos –non os tradicionalistas, senón os antimodernos auténticos– non son máis que modernos, os verdadeiros modernos, que non se deixan enganar polo moderno, que están sempre alerta', de xeito que, aínda que rexeitan o progreso e o imperio da razón, non son conservadores, reaccionarios ou inmovilistas, senón 'modernos en dificultades cos tempos modernos, o modernismo ou a modernidade, modernos ó seu pesar, modernos desarraigados e mesmo modernos intempestivos'(2007: 7, a tradución é miña). Mais a obra de Otero, que nace como obra de madurez cando, como observa Patterson, o galeguismo lle abre as comportas de todo o saber acumulado en anos de lectura e reflexión, abrolla como un torrente de afirmación e de fe nun proxecto novo, que é a construción nacional de Galicia, lonxe de actitudes de desencanto, resignación ou desesperación.

Unha das vantaxes da perspectiva foránea sobre o estudo dun sistema literario, como é este o caso, consiste na posibilidade de fuxir de prexuízos críticos que se establecen dentro do sistema e aos que resulta moi difícil subtraerse. Entre eles podemos considerar o carácter espiñento das relacións entre a cultura galega e a castelá que impiden ao crítico afrontar con obxectividade a análise das relacións de influencia que forzosamente teñen que producirse, a pesar do rexeitamento consciente e da vontade de negación da cultura hexemónica que se impón na produción literaria, e na valoración crítica, marcada por unha posición nacionalista. Tal vez só esa posición foránea permite afrontar desprexuzadamente cuestións como a reacción dos membros da Xeración Nós ao discurso dos intelectuais españois do 98 e sinalar a posibilidade de considerar a atención á natureza e á paisaxe en canto factor identitario nos autores galegos como unha reacción á reivindicación da paisaxe castelá como elemento identificador do conxunto de España. Esta perspectiva, sen embargo, non debe facernos perder de vista que a literatura galega nace xa no s. XIX reivindicando a paisaxe como un elemento identificador fundamental na construción da identidade diferencial de Galicia. E velaí que chegamos a un dos elos condutores do discurso interpretativo de Patterson: a capacidade de Otero Pedrayo para recoller diferentes influencias de ámbitos culturais diversos e adaptalos construíndo unha visión persoal e nova. Así ocorre coa

PATTERSON, Craig.
O devalar da idea.
Otero Pedrayo e a identidade
Galega
María Xesús Lama

súa interpretación da natureza e a paisaxe como constituínte da identidade galega, que recolle desde a súa fonda erudición ideas como a metáfora da Terra Nai de Chateaubriand, a empatía do home coa natureza das *Xeórxicas* de Virxilio, a adaptación do discurso virxiliano para a construción da identidade cultural en *The Seasons* de James Thomson, a teoría da influencia do medio ambiente na sociedade humana do xeógrafo Friedrich Ratzel ou a concepción do tempo como experiencia subxectiva e a importancia da intuición para superar os límites da razón do seu admirado Bergson, que lle serve para recuperar con roupaxe moderna e prestixiada o método histórico intuitivo que propugnara Vico. O diálogo coa tradición propia reflíctese tamén na continuidade da teoría da orixe celta, introducida polos historiadores do século XIX, como base para fundamentar a especial relación do home galego coa terra así como a idea de 'devalar' ou devir temporal, pois o pasado proxéctase no presente e no futuro. Pero a gran achega de Otero parece ser a concepción fundamente espiritual da paisaxe e o estudoso atribúelle este trazo á influencia de Spengler, que fala da cosmovisión fáustica entendendo o espazo como algo espiritual e infinito, como un palimpsesto onde recoñecer as capas históricas dunha cultura. Patterson analiza en profundidade a relación intelectual de Otero con Spengler quen, coa súa idea do faustismo característico da civilización occidental fronte ao apolíneo da tradición clásica, sérvelle a Otero para reforzar a teoría da pertenza a unha comunidade cultural celta e dunha Galicia perfectamente integrada na cultura e na historia europea. Así para Otero produciríase unha reciprocidade entre o pobo, que precisamente pola súa condición celta vive especialmente unido á paisaxe, e a propia natureza, que se ergue como unha entidade cultural que encarna valores transcendentales.

Igual que se fixo coa paisaxe, ao longo do libro pescúidase nas fontes que alicerzan a posición de Otero na valoración da lingua e a relixión como elementos identitarios no caso de Galicia. Canto á lingua destaca o profundamento no estudo da obra de Sarmiento, glosada por Otero nalgúns artigos, e o intenso coñecemento da obra dos representantes do historicismo alemán, especialmente de Herder, Fichte e Wilhelm von Humboldt, que son os teóricos do nacionalismo lingüístico. A concepción da lingua como principio identitario fundamental é, para Patterson, consecuencia do historicismo de Herder e a súa rotunda afirmación de pertencer 'a cada lingua cadansúa personalidade nacional'. Mais tamén en Spengler encontra a afirmación da lingua como 'encarnación expresiva do desenvolvemento histórico dun pobo e do seu patrimonio cultural'. A consideración central da lingua na definición identitaria conleva, segundo o autor, mesmo a elaboración dunha historia de Galicia marcada pola perspectiva lingüística. Canto á relixión, Patterson fai un percorrido pola influencia do pensamento de Berdaiev, de Schleiermacher e máis da obra de Chateaubriand, con quen coincidía Otero na defensa do cristianismo como 'luz da historia'. Habería que engadir o cristianismo evanxélico de Tolstoi e outras lecturas importantes, como J. M. Synge, Lamartine ou Novalis. Segundo o autor, Otero parte da premisa da suposta identificación relixiosa dos celtas coa natureza, o que o conduce ao panteísmo (que non panteísmo, como ben puntualizara Pérez Prieto), un desexo de harmonía e fusión coa natureza que xorde da súa contemplación como marabillosa representación do poder divino. Mais o autor aínda investiga as relacións coas teorías krausistas, a representación da figura de Prisciliano e da cidade de Santiago, e a dimensión nacional da fe cristiá.

Para rematar, sométese a análise o concepto de nacionalidade e faise evidente de novo a débeda co historicismo romántico e con Herder

PATTERSON, Craig.
O devalar da idea.
Otero Pedrayo e a identidade
Galega
María Xesús Lama

en particular, coa súa concepción organicista da nación e a existencia dun 'espírito nacional' inmutable no tempo, que en Otero se identifica co elemento celta. O autor ten a valentía de dilucidar en detalle cómo afronta Otero a cuestión da raza e chega á conclusión de que utiliza o termo 'raza' como sinónimo de 'pobo', un concepto que se define a través de Spengler recollendo a idea de Herder de 'unidade do espírito' conformada arredor de feitos culturais máis ca biolóxicos. Neste aspecto Otero, manténdose fiel a Herder, parece superar a concepción do termo de Murguía que segue a interpretación máis etnicista de Gobineau, se ben afastado dos efectos xenófobos, como moi ben demostrou Máiz (1997). Aínda que tamén chama a atención que o apego ás teorías historicistas e o nacionalismo orgánico da tradición xermánica non lle permitan recoller unha das grandes achegas que introducira Murguía no pensamento nacionalista galego declarándose seguidor de Mancini e da súa teoría do nacionalismo voluntarista, que superaba as formulacións histórico-naturalistas convertendo en elemento decisivo do feito diferencial a conciencia nacional con aquela afirmación de que 'a Patria é, antes que nada, Conciencia da Patria' (véxase de novo Máiz 1997).

O estudo de Patterson complétase co repaso á posición de Otero en relación con toda unha serie de cuestións asociadas á definición identitaria como son a relación con Portugal, a posición de Galicia na Hespaña do futuro e nunha Europa das nacións, a concepción da aldea como depositaria das esencias identitarias e a evolución desta visión co paso do tempo, a proposta dun modelo de sociedade onde as funcións dirixentes corresponden a unha minoría intelectual, a permanente débeda coa *Decadencia de Occidente* de Spengler e mais a influencia da concepción da historia como movemento cíclico formulada por Giambattista Vico que serve para explicar a decadencia presente e a fe nun rexurdimento futuro.

Atopámonos xa que logo diante dun estudo denso, onde o autor vai debullando por orde todos os elementos fundamentais que conforman o sistema ideolóxico do escritor ourensán, dilucidando as súas fontes no pensamento europeo e sinalando a súa actitude construtiva ante a súa propia tradición e o legado dos seus predecesores. Un traballo fundamental para mesurar a figura de Otero Pedrayo como pensador do nacionalismo e tamén como erudito e intelectual do seu tempo. A tradución de Xabier Cid, ademais de cumprir coa función do tradutor de achegar o texto ao público lector galego, faino traballando con especial sensibilidade coa lingua e por momentos converte a lectura nun auténtico pracer.

Referencias:

COMPAGNON, Antoine, 2007. *Los antimodernos* (Barcelona: Acantilado).

FERNÁNDEZ PÉREZ-SANJULIÁN, Carme, 2003. *A construción nacional no discurso literario de Ramón Otero Pedrayo* (Vigo:A Nosa Terra).

MÁIZ, Ramón, 1997. *A idea de nación* (Vigo: Xerais).

PATTERSON, Craig, 1998. 'Paisaxe, filosofía e identidade. Resposta galega ao legado do 98', *A Trabe de Ouro*, 35: 331-340.

PATTERSON, Craig.
O devalar da idea.
Otero Pedrayo e a identidade
Galega

María Xesús Lama

_____, 2001. 'Otero Pedrayo e a 'decadencia de Occidente'. Morte, resurrección, manipulación', *Anuario de Estudos Literarios Galegos 2000*: 43-67.

_____, 2005. 'Da lámpada severa á escuridade mollada. O diálogo diferencialista entre Nós e o 98', *Anuario de Estudos Literarios Galegos 2004*: 66-85.

_____, 2006. 'O devalar da idea. Ramón Otero Pedrayo e a filosofía de Henri Bergson', *Ferrol Análisis 21*: 128-145.

PÉREZ-PRÍETO, Victorino, 1988. *A xeración Nós: galeguismo e relixión* (Vigo: Galaxia).

VILLARES, Ramón, 2007. *Fuga e retorno de Adrián Solovio. Sobre a educación sentimental dun intelectual galeguista* (Vigo: Fundación Otero Pedrayo).